



Dende o Concello de Ponte deume , ante a situación epidemiolóxica na que nos atopamos , temos realizado cambios nas rutinas de mantemento de limpeza do CEIP Couceiro Freijomil para evitar a propagación do virus COVID-19 adoptando as seguintes medidas:

1. Uso extensivo de solución desinfectante para a desinfección de superficies de contacto con combinación de cloro, tensoactivos, compoñentes alcalinos e secuestrantes.
2. Todos os desinfectantes empregados contan con rexistro sanitario e figuran na lista de produtos virucidas autorizados polo Ministerio de Sanidade e publicados na seguinte páxina web:

https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCovChina/documentos/Listado_virucidas.pdf

3. Na rutina de mantemento de limpeza diaria inclúese a limpeza e desinfección de todas as superficies de contacto expostas a risco por contaxio e en concreto enuméranse as seguintes:
 - Pasamans e barandas de escaleiras
 - Pomos, picaportes e tiradores de portas
 - Interruptores
 - Dispensadores de papel hixiénico, papel secamans e xel de mans nos aseos
 - Sanitarios nos aseos (lavabos, urinarios e inodoros)
 - Desinfección dos postos de traballo con especial atención a teclados, teléfonos e demais equipamento informático.
4. Todo o material de limpeza empregado na desinfección será de un só uso e aquel que non fose desbotable será limpo e desinfectado diariamente antes dun novo uso.
5. Todo o persoal de limpeza será instruído nestas tarefas e foi informado das medidas preventivas para evitar a propagación e contaxio, en concreto na hixiene persoal e uso dos EPIs correspondentes.